

Os Cabalos do señor Reitor
X.L. Méndez Ferrín
Faro de Vigo. 18 novembro 2002



Aínda que iso non se difunda nos periódicos, nin forme parte do tópico, nin se inclúa na propaganda institucional, o caso é que Vigo é cidade moi ecuestre. Quixo facelo patente o **Mestre Oliveira** coa escultura que erixiu na Praza de España e houbo quen a criticou dicindo que esta cidade non ten nada que ver cos cabalos.

Grave error: pregunten nas compañías do ramo e comprobarán que Vigo é unha das localidades do estado español que conta con máis cabalos de sela asegurados. Logo están os cabalos do monte, que andan ceibos polos comunais de Zamáns, extendéndose aos de Vincios e Prado: as famosas greas do Galiñeiro que os concellos de Vigo e Gondomar comparten. Este gado bravo reúnese cada ano nun curro de madeira situado a carón dos petroglifos, coa tema militar, de Agua da Laxe.

Teño diante miña, ao tempo de escribir isto, unha fotografía de Ursula Bruns. Nela vese un curro en Westfalia no que se concentran unhas cincocentas cabezas de gado cabalar, pequeno e moi semellante ao de raza galega, ao que asisten milleiros de persoas cada ano. As intalacións e a disposición do curro alemán son sobrios, adecuados á paisaxe chan e demostran bon gusto e funcionalidade. O Land protexe o evento e cada vez son máis os amantes do cabalo bravo que chegan a Westfalia procedentes de todo o mundo: iso que chaman turismo de calidade. No curro do Galiñeiro non acontece así. Fanno un grupo de gandeiros, encabezados por Nemesio, e de amigos de Zamáns, Vincios e non sei se tamén de Herbille, que xa pertence a Mos. A xente do picadeiro de Conrado Pérez, chamado Serra do Galiñeiro, soe axudar a facer o cordón e a acurrar as bestas. Ao revés que en Alemaña, nin a Xunta, nin os concellos de Vigo e Gondomar axudan en nada.

Nin sequera poñen alí a protección civil, nin unha ambulancia, nin un médico por se dá un accidente. Tampouco a Garda Civil nin a policía municipal aparecen polo curro do Galiñeiro, aínda que esta ausencia para algúns non é moi sentida. A ignorancia, e se cadra o odio ao pastoreo, tan internizado na memoria paisana e labrega de moitos políticos, fanlle o vacío ao curro do Galiñeiro e póñenlle toda clas de pexas. Así, por primeira vez en máis de vinte anos, o curro do Galiñeiro, o curro que a cidade de Vigo tería que protexer a adoptar comunalmente como versión viva da escultura de Oliveira, non se celebrou no 2002. Os organizadores están cansos de que non lles boten unha man.

Unha das greas que se levan ao curro do Galiñeiro adoita a moverse polos altos de Marcosende, freguesía de Zamáns, en territorio da Cidade Universitaria. Coido que case todo ese gado é de Pepe de Piñeiro. Sexa de quen queira as "burras" están moi ben alí, pacen regularmente, non lle fan dano a nada nin a ninguén e o Señor Reitor, meu admirado amigo, fará moi ben en adoptarllos, subvencionalos e protexelos. Tamén podería prepararse un programa de depuración de raza, tratando de axustala, ao modelo que xa está oficializado, e con libro de rexistro, como Pura Raza Galega (PRG). Seguro que ao Señor Reitor non lle faltarían apoios dentro da comunidade universitaria, e na sociedade viguesa.

Dado que a Universidade de Vigo é a única no mundo en gozar da presenza de cabalos salvaxes nos seus espazos verdes, eu propoñeríalle tamén ao Señor Reitor a celebración de un curro cada ano nas proximidades da lagoa de Marcosende. ¿Sería isto posíbel?